

MESA SECTORIAL DO 28 DE NOVEMBRO DE 2022

Proxecto de decreto de oferta de emprego público do SERGAS 2022

Apróbase o decreto de oferta de emprego público do SERGAS para o ano 2022 cun total de 1294 prazas.

	CATEGORÍA PROFESIONAL	Nº PRAZAS
Licenciados/as sanitarios/as	Farmacéutico/a de atención primaria	27
	Odontólogo/a de atención primaria	9
Total Licenciados/as sanitarios		36
Diplomados/as sanitarios/as	Enfermeiro/a	256
	Enfermeiro/a especialista en enfermaría familiar e comunitaria	30
	Enfermeiro/a especialista en enfermaría pediátrica	25
	Matrón/a	9
	Fisioterapeuta	11
	Terapeuta ocupacional	5
Total Diplomados/as sanitarios/as		336
T. Formación profesional	TCAE	597
	TCAE discapacidade intelectual	14
Total Técnicos/as Formación profesional		611
Xestión e servizos	Grupo auxiliar da función administrativa	109
	Grupo de xestión da función administrativa	8
	PSX	180
	PSX discapacidade intelectual	14
Total Xestión e servizos		311
TOTAL		1294

Informan de que a intención é convocar os procesos de concurso-oposición sumando as prazas ofertadas nos anos 2020, 2021 e 2022 máis as prazas de concurso-oposición da oferta extraordinaria de estabilidade.

A nota de corte será do 35% na fase de oposición e en tódalas categorías.

CIG-Saúde denunciámos a excepción incluída no decreto que permite que se oferten a OPE prazas nos centros de difícil cobertura que previamente non se ofertaran a concurso de traslados.

Incorporan 256 prazas de enfermeiro/a que se sumarán a convocatoria deste ano 2022, polo que se abrirá un novo proceso de inscrición no concurso-oposición desta categoría. Isto implica que se retrasa o exame de enfermeiro/a que se ía celebrar en maio para unha data posterior.

MESA SECTORIAL DO 28 DE NOVEMBRO DE 2022

Información sobre a convocatoria do ano 2022 de carreira profesional

Informan de que se vai publicar a convocatoria no DOG o 5 de decembro. O prazo de presentación de solicitudes irá do 05/12/2022 ao 31/01/2023. Considerarse que cumpre o requisito de servizo activo se a persoa presta servizos nalgún momento entre o 01/11/2022 e o 31/01/2023.

A partir do día 5 estará aberto o FIDES para todas as persoas que cumpran requisitos. Se alguén non ten habilitado o acceso e considera que cumpre os requisitos terá que reclamálo na comisión de avaliación da súa área sanitaria.

CIG-Saúde preguntamos se o persoal estatutario investigador ten acceso á carreira profesional. O SERGAS contesta que teñen dereito a acceder en igualdade de condicións que o resto de categorías estatutarias.

Outros temas

CIG-Saúde preguntamos pola toma de posesión de OPE e CTAP das categorías que acaban de elixir destino. Informan que publicarán a resolución definitiva abrindo o prazo de toma de posesión aproximadamente sobre o 12 de decembro.

CIG-Saúde preguntamos cando van publicar as medidas de igualdade para o persoal das listas de selección temporal. O SERGAS di que está previsto que se publiquen no DOG probablemente o 1 de decembro, sendo de aplicación a partir dese momento.

No concurso de méritos de FEAP quedaron 6 prazas sen cubrir, que se sumarán ás 15 que xa estaban pendentes (Redondela-Pazos-Fornelos, Moaña, Pontearreas, Monterrei, A Milagrosa).